

## REGULAMENTO

1. **Bases:** A participación no “V Trail e Andaina polas cabeceiras do Anllóns” suporá a aceptación deste regulamento.
2. **Data:** Terá lugar o 24 de Marzo de 2019. A saída será as 9:30 do pavillón do I.E.S. Agra de Leborís e o hora límite de chegada será ás 15:30.  
O Minitrail sairá as 10:00 e a hora límite será ás 14:00.  
A Andaina sairá as 10:00 e a hora límite será ás 14:00.
3. **Distancia:** O trail terá unha lonxitude de 24Kms. O minitrail de 16Kms.  
A Andaina de 15Kms.
4. **Categorías:** Poderán participar as persoas que o desexen, maiores de 18 anos e menores de máis de 16 con permiso de consentimento firmado polos seus titores legais.  
As categorías serán as mesmas para o trail e para o minitrail.  
MASCULINA: Absoluta, de 16 a 45.  
Veteranos, maiores de 45 en adiante.  
  
FEMININA: Absoluta, de 16 a 40.  
Veteranas, maiores de 40 en adiante.  
  
A Andaina non terá categorías nin trofeos.  
  
CRONO-ESCALADA: farase unha cronometraxe especial en un tramo do percorrido con un gran desnivel do cal se fará unha clasificación.
5. **Inscripcións:** Ata o 20 de Marzo de 2019 ás 23:59.
6. **Prezo:**  
Trail: 15€  
Minitrail: 10€  
Andaina: 5€  
  
Que dan dereito a: participar nas probas, avituallamentos, duchas, aperitivo postcarreira, sorteo e seguro de accidentes para as probas.
7. **Sinalización:** O percorrido estará sinalizado con cintas de cor viva e as sinais necesarias para que o camiño a seguir non presente ningunha dúbida polo que o estrito seguimento do mesmo será obrigatorio para a continuidade na proba. Voluntarios do club dispostos ó longo do percorrido asistirán ós participantes nos cruces.
8. **Tempos de paso:** Os participantes que sobrepasen 2 horas o paso polo primeiro avituallamento e 3 horas o do segundo, entendendo como paso o do primeiro corredor do trail longo, deberán retirarse da proba xa que nin a organización nin os servizos de asistencia poden garantir a súa cobertura e seguridade.
9. **Condicións físicas:** a organización resérvase o dereito de retirar da proba a aquelas persoas que considere que non reúnen as condicións físicas necesarias para continuar na carreira sen por en serio risco a súa saúde como esgotamento agudo, lesión grave, síntomas de alteracións sensoriais, etc.
10. **Avituallamentos:** Haberá dous avituallamentos líquidos e sólidos e un avituallamento de meta.

**11. Auxilio:** os participantes están obrigados a respectar a integridade dos demais participantes así como a prestar auxilio ós accidentados.

**12. Roupeiro:** Habilitaremos un roupeiro para deixar obxectos persoais durante as probas.

**13. Responsabilidade:** A organización non se responsabiliza de:

-Consecuencias derivadas da participación da proba que non se recollan no seguro de accidentes.

-Pérdida ou deterioro de obxectos persoais.

**14. Descalificación:** -O que non cumpra estas bases.

-O que non complete o recorrido nos tempos indicados nas bases.

-O que deteriore ou ensucie o entorno.

-O que non leve o dorsal ben visible.

-O que non respecte as ordes dos membros da organización.

-O que non preste auxilio.

-O que presente comportamento anómalo, mostre actitudes violentas, que tire lixo no medio natural, que moleste a fauna, que dane a propiedade pública ou privada, que non respecte os demais participantes ou membros da organización.

**15. Dereitos de imaxe:** A entidade organizadora resérvase en exclusividade o dereito sobre a imaxe do trail así como a explotación audiovisual, fotográfica e periodística do evento. Calquera proxecto mediático ou publicitario deberá contar previamente co consentimento escrito da organización. Así mesmo a organización resérvase o dereito de realizar e publicar nas redes fotografías durante todo o evento nas que poderán aparecer calquera dos participantes.

**16. Tráfico:** A organización non cortará en ningún momento a circulación e os participantes polo tanto deberán respectar rigorosamente as normas de tráfico vixentes.